

MANIFESTO

Nos últimos meses, o noso mundo experimentou un **cambio sen precedentes**. A pandemia do COVID-19 fixo cambalear os cimentos do noso sistema. Evidenciáronse as debilidades e contradicións dunha economía depredadora que se encontra no límite do colapso; dun sistema neoliberal que precariza os servizos públicos e crea grandes desigualdades; dun sistema patriarcal que infravalora e invisibiliza os traballos de coidados necesarios para a vida; dunha globalización que se sostén sobre a explotación do territorio e das persoas, que globaliza tamén a catástrofe, en forma de pandemia, de cambio climático ou de inestabilidade económica, e incrementa a vulnerabilidade en todo el mundo . O virus non é causa, senón consecuencia dunha crise sistémica profunda, e supón un cambio de paradigma que apenas comezamos a comprender. Necesitamos abandonar un sistema que descarta as persoas e destrúe o planeta, e camiñar cara a xustiza social e climática para poñer no centro os colectivos máis vulnerables e garantir o dereito a unha vida digna.

A **emerxencia climática** xa era unha expresión desta crise sistémica. O desastre advertíase dende hai décadas nos numerosos informes científicos, no constante fluxo de persoas obrigadas a abandonar os seus lugares de orixe ou nas voces de quen resiste ante empresas e políticas extractivistas que son impulsadas e consolidadas a través de acordos internacionais de comercio e investimento. Agora, a pandemia colócanos nun **punto de inflexión** crítico no cal, máis que nunca, xogamos o futuro.

Enfrontámos a un amplo espectro de escenarios posibles e non podemos baixar a garda: está nas nosas mans impulsar un cambio que avance cara a un proxecto ecosocial, xusto e democrático, ou ben que a nosa inacción nos leve cara ao esgotamento definitivo dos recursos que sosteñen a vida e a un agravamento importante da exclusión social e a vulneración dos dereitos humanos.

Ante esta situación, é necesario que transformemos uno dos eixos estruturais do noso sistema: ,o **traballo**, estreitamente asociado á precariedade, a desigualdade e a destrución do territorio. Situándose de costas á vida. Máis un novo modelo laboral xusto e ecoloxicamente sostible non se pode basear nunha aparente descarbonización das actividades empresariais. Non podemos caer nas atractivas falsas solucións do capitalismo verde, que nos fala dos milagres imposibles e dos adiantos tecnolóxicos sen ter en conta o seu elevado custo enerxético e material nin os efectos sobre as nosas vidas. Polo contrario, é **imprescindible reducir o noso consumo de materiais e enerxía**, acompañándoo dunha **redistribución do traballo** que garanta **postos compatibles cunha vida digna para todas as persoas**.

Avanzar no proceso de descarbonización da economía, desde os combustibles fósiles cara ás enerxías renovables e a mobilidade sustentable, ten que ir acompañado de **medidas de transición xusta** para as persoas traballadoras e as zonas afectadas por eses cambios. Este novo modelo ten que estar baseado en procesos sustentables que partan de comprender que somos corpos interdependentes e ecodpendentes, xerando **sinerxias co entorno e entre as persoas**. A riqueza resultante ten que distribuírse equitativamente, ao servizo do conxunto da poboación mundial mediante una fiscalidade xusta, entre outros mecanismos.

O modelo industrial: hay que facer fronte á deslocalización da produción, a obsolescencia programada, a desmesurada explotación de recursos e produción de residuos. O peche e/ou a transformación das industrias non pode significar deixar as traballadoras na rúa, o que implica a súa reinserción nun tecido económico máis local e unha produción e emprego máis sustentable, estable e de calidade, que se oriente ao interés xeral con tomas de decisión públicas e democráticas.

Os coidados: é fundamental situar os procesos do sustento da vida no centro dun novo modelo de traballo. Estes procesos esenciais estiveron e están maioritariamente asumidos polas mulleres e persoas migradas, consolidando unha división por xénero e por procedencia do traballo, sendo responsabilidade de todas as persoas. Visibilicémoslos. Revaloricémoslos. Redistribuímoslos. Construamos modelos basados na cooperación, a solidariedade local e global, e a interdependencia, como as redes de apoio mutuo veciñais, comunitarias o internacionais, que foron esenciais para moitas persoas durante a pandemia. Non podemos avanzar cara a una transición ecosocial, internacionalista e feminista se seguimos prescricións económicas obsesionadas co rendemento e a maximización dos beneficios. Temos que adoptar criterios de avaliación económica que

nos falen de vidas dignas, que aseguren o pleno cumprimento dos dereitos humanos, o benestar xeral e o estado do medio ambiente, non só o crecemento do PIB.

O sector primario: o seu papel é fundamental na base das nosas vidas. É esencial avanzar cara un modelo con prácticas máis respectuosas coas súas traballadoras e co territorio e os ecosistemas. Fronte as lesivas leis sobre os usos do solo, o impulso da industrialización do campo ou os tratados bilaterais de comercio que incrementan o impacto climático e social da produción de alimentos é necesario un modelo baseado na soberanía alimentaria, na produción de proximidade e sostible, ecolóxica e que poña no centro os dereitos e o benestar tanto das persoas que traballan como das consumidoras, a protección da biodiversidade e a fertilidade da terra. Avancemos cara a unha recuperación das soberanías sobre os bens comúns esenciais, como o acceso á terra, a auga e a enerxía: non os queremos en mans de grandes empresas privadas que explotan e especulan.

O turismo: é un sector que se viu profundamente afectado pola COVID-19. Puxéronse de manifesto os perigos da fragmentación e sobre-especialización económica nunha actividade tan fráxil e estacional como é o turismo. Aínda así, miles de cidadás tivemos a posibilidade de gozar dos nosos barrios, vilas e cidades como nunca en moito tempo. Reiteramos o noso convencemento que hai que apostar por un modelo de intercambio e mobilidade sustentable, socialmente xusto e que responda ás realidades territoriais concretas; un modelo respetuoso con aquilo local, que potencie o ocio e a cultura populares sen mercantilizalos. Non queremos ser cidades escaparate. A transición cara a este novo modelo non ten que destruír indiscriminadamente a pequena economía, nin derivar nun monopolio multinacional do sector.

O sector público: a pandemia demostrou a importancia e necesidade de brindar os servizos públicos que dan cobertura aos dereitos fundamentais da poboación que, sendo esenciais, foron obxecto de múltiples recortes e privatizacións nos últimos anos. Nun contexto mundial en que as crises sociais, económicas e ecolóxicas se acentuarán cada vez máis, é imprescindible consolidar e ampliar os servizos públicos. Teñen que ser capaces de dar resposta á totalidade da poboación, e especialmente ás persoas máis vulnerables que sofren en maior grado as consecuencias das crises. Unha resposta que debe ser equitativa, suficiente e eficiente, sen importar o orixe, a etnia, o xénero, a orientación sexual, a ideoloxía, as crenzas relixiosas ou a clase social.

Temos que estar **alerta**. Nestes tempos de transformación, a loita polo futuro toma máis relevancia que nunca. Non podemos aceptar as vellas receitas neoliberais, por moito que agora se disfracen de verde. Non podemos conformarnos con falsas solucións que aproveitan a crise para concentrar todavía máis poder en poucas mans, que non miren polo ben común, senón pola preservación dun sistema que nos aboca ao desastre ecosocial. Necesitamos poñer a mirada nas persoas en situación de maior vulnerabilidade, pobreza e exclusión aquí e en todo o mundo. É o momento de organizarnos. É o momento de impulsar o cambio que queremos, un cambio que poña no centro as persoas, os corpos, e a Terra, sen deixar a ninguén atrás.

**Activas e organizadas, seguimos loitando pola vida.
Xustiza climática para saír de todas as crises.**

